

Baldomir Cabadnas, Xohán X. «Ogando, Iolanda (2004): *Teatro Histórico : Construcción Dramática e Construcción Nacional* A Coruña, Biblioteca-Arquivo “Francisco Pillado Mayor” da Universidade da Coruña», *Líquids* nº2, ene-jun 2008.

Ogando, Iolanda (2004): *Teatro Histórico : Construcción Dramática e Construcción Nacional* A Coruña, Biblioteca-Arquivo “Francisco Pillado Mayor” da Universidade da Coruña.

XOHÁN XABIER BALDOMIR CABANAS

Universidade da Coruña

*O teatro pode sel-a base dunha Galiza completamente galega [...] Facendo teatro, faise pobo galego.*

A presente cita está extraída do xornal *A Nosa Terra*, dun artigo en que se fala da representación da obra de Ramón Cabanillas *A man de Santiña* (1919) en Lugo, Santiago e Ferrol. Esta era a filosofía que, alá polas décadas de 1910 e 1920, promoveron as Irmandades da Fala e que, posteriormente, recobrarán os escritores teatrais e dramaturgos da posguerra, principalmente a partir da época do Teatro Independente. Talvez esta sexa igualmente a mensaxe que nos queira transmitir a obra de Iolanda Ogando *Teatro Histórico: Construcción Dramática e Construcción Nacional*, pioneira no ámbito da crítica dramática, posto que se trata do primeiro libro que se dedica en exclusiva ao estudo do teatro galego de temática histórica e ás influencias que este puido exercer na creación do imaxinario nacional do noroeste peninsular.

Mais alén do arriba nomeado, este ensaio de Iolanda Ogando (o cal ten como base de partida a tese doutoral desta autora, presentada en 2002 co título *O Teatro Histórico en Galicia*) conta con outro elemento de gran relevo dentro do ámbito da historiografía teatral. Como xa o lector intuirá, a historia do teatro galego é unha enorme selva da que quedan aínda numerosos territorios virxes, a pesar de que nos últimos trinta anos están a xurdir pouco a pouco cada vez máis críticos (desde Manuel Lourenzo e Pillado Mayor até López Silva, Cilha Lourenzo ou a propia Ogando; pasando polos xa consagrados M. F. Vieites, Laura Tato, Dolores Vilavedra ou Henrique Rabunhal) que, cos seus impagábeis esforzos, están a deitar luz sobre a aínda escura vereda da crítica dramática galega. Froito desta situación, non existe unanimidade no que respecta á periodización do teatro galego; polo que cada proposta de estratificación en etapas do noso pasado teatral pode contar cunha enorme importancia. A proposta de periodización realizada por Iolanda Ogando en *Teatro Histórico: Construcción Dramática e Construcción Nacional* dá a impresión de ser unha periodización de concordia, por así dicilo, posto que toma como base as realizadas por Laura Tato en 1999 e 2001 e a elaborada por Manuel Fernández Vieites igualmente no ano 2001. Analizando as súas similitudes e diferenzas, a autora pasa a realizar a súa propia periodización baseándose nas dúas anteriores, “mais con matices que nos levan a tratar os períodos dende unha perspectiva un pouco diferente” (Ogando; 2004:27).

Non pararemos no comentario desta periodización, xa que esta non constitúe o obxectivo principal de

*Teatro Histórico: Construcción Dramática e Construcción Nacional*, a pesar de que resultaría moi interesante pór de relevo as innovacións da mesma con respecto ás dos estudosos que a antecederon, así tamén as influencias que Ogando recibiu.

Unha vez establecida unha serie de etapas en que situar as obras a estudar, a autora ofrécelle ao lector interesado a súa versión sobre unha serie de cuestións relacionadas coa teoría teatral e que rodean este tipo de dramática. Partindo do ámbito global, Iolanda Ogando irá aplicando ao caso galego as ditas teorías.

Comeza por delimitar e definir en que consiste o teatro histórico, aspecto tremendamente fundamental, se non esquecemos o contido e o obxectivo da obra, concluindo esta ensaísta que o teatro histórico (pese a estar conectado co pasado) é ante todo, teatro; imperando nel as leis da literatura e non as da historia, predominando o carácter ficticio sobre o científico-histórico. Debido ás súas circunstancias, na dramática histórica (galega), segundo a perspectiva desta autora, “é feble o requirimento da fidelidade”, deixándolle ao dramaturgo unha gran liberdade para compor as súas obras, de maneira que a compoñente ideolóxica (tal e como acontece na novela ou no ensaio histórico) poden xogar un papel importante.

Talvez un dos aspectos en que faga máis fincapé Ogando sexa a distancia temporal, cuestión que leva suscitando máis dun debate no ámbito da crítica occidental. Non toma a autora unha postura arriscada sobre este tema, xa que pensa que debe haber unha certa distancia temporal (talvez dúas ou tres décadas de distanciamento entre a peza e o feito histórico que a inspira), mais recoñece que a marxe de liberdade se move dentro dunha relativa imprecisión e que é complicado establecer un límite temporal aplicado ao caso do teatro histórico.

Unha vez feitas estas consideracións teóricas, esta estudosa pasa á análise sobre un corpus de pezas dramáticas de temática histórica aplicada ás unidades da acción, o tempo e o espazo. O derradeiro epígrafe do ensaio que nesta recensión nos ocupa está dedicado ás funcións do teatro histórico, entre as que destaca a autora (a vulgar polo tratamento e polo espazo que lle dedica) a da conformación nacional: a acción que exerce o teatro histórico sobre o imaxinario dun pobo determinado e viceversa, as influencias que o imaxinario exerce sobre o teatro.

É de valorar positivamente, por outra parte, que Ogando ofrezca ao final da obra un apéndice no que lle ofrece ao lector unha relación dos textos históricos da dramática galega, sinalando o título, o autor, o ano de representación ou publicación, a época á que pertencen e mais unha breve sinopse de cada obra citada, o cal lle confire unha maior facilidade ao traballo dos investigadores que se achegaren a este campo do teatro galego.

En conclusión, podemos dicir que estamos ante unha obra pioneira que, combinando a perspectiva teórica coa práctica, achega unha visión de conxunto sobre o teatro histórico galego, algo inaudito no ámbito

Baldomir Cabadnas, Xohán X. «Ogando, Iolanda (2004): *Teatro Histórico : Construción Dramática e Construción Nacional* A Coruña, Biblioteca-Arquivo “Francisco Pillado Mayor” da Universidade da Coruña», *Líquids* nº2, ene-jun 2008.

da nosa crítica teatral até o momento da súa publicación.